

EGAP: CONVOCATORIA FORMACIÓN CONTINUA 1º SEMESTRE 2025 ADMINISTRACIÓN XERAL E ENTES INSTRUMENTAIS

Santiago de Compostela 21/02/25

Publicada RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2025 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos dos/das participantes:

Poderá participar:

O persoal empregado público destinado en:

- Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Entidades públicas instrumentais enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010,
- Administración institucional

Que se encontre en:

- Situación de servizo activo ou servizos especiais que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II

Está exceptuado:

- Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
- Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Desenvolvemento das actividades de formación

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.

A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

Prazo solicitudes: dende o día seguinte ao desta publicación en DOG, ata o 27 de febreiro.

As solicitudes só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo: <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización.

Número máximo de cursos que se poden solicitar: 5.

